

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	EDUCACIÓN PLÁSTICA	Pág.	1
Curso / Ciclo	4º de EDUCACIÓN PRIMARIA		
Profesor/a	Mª DEL ROSARIO DURÁN PÉREZ		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
Cor: - Fondos de cor. - Utilización libre de cores. - Distintos acabados con ceras. Forma: - Proporción da figura humana. - Crear con liñas expresivas. - Debuxar formas naturais. Organización do espazo gráfico: - Uso do bosquexo. - Utilización da cuadrícula. - Distribución de elementos sobre o plano Tridimensionalidade: - Creación dun tótem con varias pezas. - Montaxe dunha televisión. - Escenario con partes móbiles.	Cor: - Cores na natureza. - Esfumado. - Coloreado libre dunha fotografía. Forma: - O reflexo dos obxectos. - Contraste entre figura e fondo. - Representación en movemento. Organización do espazo gráfico: - Liñas que marcan a profundidade. - O quebracabezas dun edificio. - Distribución de elementos sobre o plano. Tridimensionalidade: - Carroza en tres dimensións - Calendario con partes móbiles. - Tarxeta con figuras en relevo.	Cor: - Branco e negro. - Superposición de cores. - Cores primarias e complementarias. Forma: - Posición de fronte e de perfil. - Elementos do cómic. - Texturas visuais. Organización do espazo gráfico: - Distintos puntos de vista. - Distribución do espazo en viñetas. - Os planos dun debuxo. Tridimensionalidade: - Deseño e montaxe dun balón. - Creación dun marco de fotografías.

OBXECTIVOS

- Coñecer e utilizar o bosquexo como paso previo á realización do debuxo.
- Representar figuras humanas a partir de esquemas de debuxo.
- Realizar composicións figurativas e abstractas.
- Aprender a representar o reflexo dos obxectos na auga.
- Observar, recoñecer e analizar diferentes versións dunha obra de arte.
- Desenvolver o trazado da figura animal en diferentes posicións e actividades.
- Diferenciar entre figura e fondo nunha composición.
- Coñecer esculturas famosas e discriminar as formas xeométricas da súa composición
- Aproveitar materiais de refugallo para realizar unha colaxe
- Valorar o retrato como motivo artístico.
- Manexar o pincel con soltura ao colorear coas témperas.
- Considerar as diferentes posibilidades plásticas ofrecidas polas ceras brandas.
- Identificar e localizar visualmente as pezas separadas dunha pintura.
- Superpoñer cores nunha composición para obter outras.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
- A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- Inicial que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos a utilizar:** a observación directa do traballo diario da clase, e fichas para comprobar a adquisición de coñecementos.